



EXPEDIENTE NÚM: 2023/G003/000578

DECRETO ALCALDÍA

Asunto: Fixación orde día sesión extraordinaria da Comisión informativa de Asuntos do Pleno

Motivación celebración sesión extraordinaria: resultando necesario o pronunciamento do Pleno do Concello sobre asuntos que non poden esperar a estudarse na vindeira sesión ordinaria da Corporación municipal.

Enterada da relación de expedientes.

Dende hoxe ten á súa disposición na secretaría xeral os antecedentes de que se dispoña relacionados co/s asunto/s que figura/n na orde do día.

RESOLVO

Primeiro.- Convocar a sesión **EXTRAORDINARIA da COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS DO PLENO**, o día **24 DE ABRIL DE 2023 (LUNS)**, ás **09:25 horas** (nove e vintecinco da mañá) **no Salón de Plenos da Casa do Concello** en primeira convocatoria e de non haber “quorum” suficiente, en segunda convocatoria unha hora despois.

Dende hoxe ten a súa disposición na secretaría xeral os antecedentes de que dispoña relacionados cos asuntos que figuran na seguinte

ORDE DO DÍA

1	SORTEO PÚBLICO PARA A DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS NAS ELECCIÓNS LOCAIS 2023
---	---

Segundo.- Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros titulares da comisión informativa facendo efectiva esta resolución. Os membros titulares da mesma, xunto cos correspondentes suplentes, son os que se recollen na seguinte táboa:

TITULAR	SUPLENTE	GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL
PRESIDENTE: MARÍA JOSEFA POSE RODRÍGUEZ	SILVIA CANCELA BLANCO	PP
JOSÉ GARCÍA SUÁREZ	JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ TORREIRA	PP
CARLOS TURNES ROMERO	JESSICA ANTELO ÁLVAREZ	PSdeG-PSOE
DAVID BARBEIRA GARCÍA		Grupo mixto (CxG)
JOSÉ ANTONIO UCHA VELO		Membro non adscrito
CRISTINA FAJÍN BARREIRO		Membro non adscrito

Terceiro.- Os membros titulares da comisión informativa, que de seguido se relacionan, quedan notificado/s coa sinatura/remisión do presente decreto por correo electrónico:

TITULAR	GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL	
PRESIDENTE: MARÍA JOSEFA POSE RODRÍGUEZ	PP	REMITIDO POR CORREO ELECTRÓNICO E NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL
JOSÉ GARCÍA SUÁREZ	PP	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL



CARLOS TURNES ROMERO	PSdeG-PSOE	REMITIDO POR CORREO ELECTRÓNICO E NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL
DAVID BARBEIRA GARCÍA	Grupo mixto (CxG)	REMITIDO POR CORREO ELECTRÓNICO E NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL
JOSÉ ANTONIO UCHA VELO	Membro non adscrito	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL
CRISTINA FAJÍN BARREIRO	Membro non adscrito	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL

Esta resolución notificarase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, na data da sinatura electrónica

A alcaldesa,

María Josefa Pose Rodríguez

Dou fe. A secretaria xeral

Cristina Alonso Losada